

CONCELLO
DE VIGO



Imaxinasons

10

10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

DOSSIER

venda de entradas
902 504 500
www.imaxinasons.com

www.imaxinasons.com
www.vigocultura.org



Vivimos nunha cidade fermosa

Imaxinasons
10



10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

ORGANIZA

Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1-36202 VIGO
Tel. 986.810.246; fax. 986.810.138; correo: ofi.areacultural@vigo.org

Alcalde
Abel Caballero Álvarez

Concelleiro da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas
Cayetano Rodríguez Escudero

Xestión e coordinación xeral
Jesús López Moure
Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Dirección artística
Nani García

INFORMACIÓN XERAL

www.imaxinasons.com
www.vigocultura.org
Servizo de Atención Cidadá: 010 (dende móbil ou fóra de Vigo 986.810.260)
Horario: de 08.00 a 20.00 h. de luns a venres, de 10.00 a 14.00h. os sábados

MODALIDADE DE ACCESO AOS CONCERTOS

Venda anticipada a partir do 16 de xuño

www.servinova.com / 902 504 500

Concertos de pagamento

- Salón de actos do MARCO: 3 € + gastos de xestión
- Auditorio Municipal do Concello: 5 € + gastos de xestión

Venda de entradas no mesmo día dos concertos

Nos despachos de billetes da sala do concerto desde unha hora antes do seu comezo

Entrada Libre até completar aforo:

Praza da Constitución

En caso de inclemencias metereolóxicas, a organización poderá decidir o traslado dos concertos da praza da Constitución.



ÍNDICE

| | |
|---|----|
| Presentación | 3 |
| Programa | 4 |
| Fichas de artistas | |
| Marco Mezquida Trio | 6 |
| Gilad Hekselman Trio | 7 |
| Alberto Conde - Shakir Khan: Human Evolution Music Project | 8 |
| Pierre Bastien | 9 |
| Xavi Lozano | 10 |
| Bruitage | 11 |
| Hugo Carvalhais Nebulosa Trio | 12 |
| Sumrrá + convidados | 13 |
| Michael Wollny | 14 |
| Alfredo Rodríguez | 15 |
| Lucía Martínez Berliner Projekt AzulCielo | 16 |
| Riverside Quartet | 17 |
| Academia de Sons +Jazz fóra de lugar + Jazz na noite + Vigo ten swing | 18 |





10º FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO IMAXINA SONS 2014 PRESENTACIÓN

Na súa décima edición, do 26 de xuño ao 5 de xullo de 2014, Imaxina Sons quere converterse nunha celebración do jazz na cidade. Unha festa da creación musical, da improvisación e do papel da música nas nosas vidas. Buscando a complicidade da cidadanía e a súa implicación nun festival que é xa referencia da vida cultural de Vigo e de Galicia, **Imaxina Sons volve levar os sons libres do jazz a diferentes puntos da cidade**. O Auditorio Municipal, o MARCO e a praza da Constitución como puntos cardinais da proposta; outros recunchos especiais de Vigo como novos escenarios para o festival.

O 10º Festival Imaxina Sons reúne no seu programa de concertos o presente e o futuro do jazz en Europa; ademais, no seu afán de seducir os novos públicos, contará con accións especiais como a **Academia de Sons** ou un proxecto en **formato expositivo (Vigo ten swing)** sobre a especial relación entre a música jazz e a cidade de Vigo.

No programa 2014 Imaxina Sons recolle e reúne no seu programa todos aqueles trazos que deron carácter único ao festival: atención ás figuras consolidadas e aos artistas emerxentes do jazz europeo, escaparate para as novas propostas do jazz en Galicia e na península, grandes concertos ao aire libre que impliquen á cidadanía e apoio aos músicos e clubs da contorna próxima. Ademais Imaxina Sons debe entenderse como unha ferramenta cultural, auspiciada desde o ámbito administrativo máis próximo ao cidadán, o municipal, que ten como fin, tamén, vertebrar o espazo urbano como espazo de encontro e celebración da música. O festival fará un descanso na súa programación musical o domingo 29 de xuño con motivo da celebración do concerto de despedida na cidade do grupo Berroguetto.

En 2014 Imaxina Sons reúne a algúns dos músicos máis destacados do presente do jazz en Europa, que ademais van marcar os roteiros do futuro xa que a súa carreira ten unha grande proxección e está a medio camiño. Falamos de **Marco Mezquida**, o pianista balear cuxo trío encargárase de inaugurar esta décima edición. Pero tamén do alemán **Michael Wollny**, do portugués **Hugo Carvalhais** e da viguesa residente en Berlín, **Lucía Martínez**. Neste grupo tamén podemos incluír, sen dúbida, o guitarrista israelí residente en Nova York, **Gilad Hekselman**.



Preténdese ademais que o jazz feito en Galicia teña forte presenza nesta edición especial de Imaxina Sons. De xeito que o pianista **Alberto Conde** presentará en primicia o seu proxecto **Human Evolution Music Project**, gravado en Portugal e que tende pontes ademais cos sons da India. E outro dos grandes nomes do jazz actual galego, o grupo **Sumrrá**, prepara un proxecto especial no que colaborarán o guitarrista **Alberto Cereijo (Os Suaves)**, a cantora flamenca **Iria Peña** e o cuarteto de corda vigués **Suelen Estar Quartet**.

O MARCO será escenario para experimentacións e os sons insólitos. No seu décimo aniversario, Imaxina Sons contará co francés **Pierre Bastien**, pioneiro dalgúns dos discursos sonoros actuais da música experimental ou a electrónica e recoñecido mundialmente pola súa orquestra de autómatas. O catalán **Xavi Lozano**, multiinstrumentista e creador de sons a partir de obxectos cotiáns, tamén formará parte do cartel de Imaxina Sons.

Nos grandes concertos ao aire libre, volveremos a ver ao gran trompetista **Dave Douglas**, figura fundamental entre o jazz dos EUA e o jazz europeo, co proxecto Riverside Quartet, que nos ofrece a posibilidade de ver ao baixista **Steve Swallow**, figura senlleira do free desde os anos sesenta. Neste apartado de Imaxina Sons, o cubano **Alfredo Rodríguez**, o pianista que triunfa nos EUA, colaborador habitual de Quincy Jones e en cuxo último disco colabora Esperanza Spalding.

PROGRAMA DE CONCERTOS IMAXINA SONS 2014

XOVES 26 DE XUÑO

Concerto de apertura

21:00 h. Marco Mezquida Trio. *Auditorio Municipal do Concello de Vigo*

VENRES 27 DE XUÑO

21:00 h. Gilad Hekselman Trio. *Auditorio Municipal do Concello de Vigo*

SÁBADO 28 DE XUÑO

13:00 h. Jazz fóra de lugar. *Bar de Cholo (Praciña de Joaquín Yáñez)*

21:00 h. Alberto Conde - Shakir Khan: Human Evolution Music Project.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo

DOMINGO 29 DE XUÑO

21:00. Jazz fóra de lugar. *Fundación Sales (Avenida de Europa, 52)*

LUNS 30 DE XUÑO

11:00 h. Academia de Sons. Taller Superplayback. *MARCO*

20:30 h. Pierre Bastien. *Salón de actos do MARCO*

MARTES 1 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons. Encontro con Pierre Bastien. *MARCO*

20:30 h. Xavi Lozano. *Salón de actos do MARCO*

MÉRCORES 2 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons. Taller de instrumentos insólitos con Xavi Lozano. *MARCO*

20:30 h. Bruitage. *Salón de actos do MARCO*

21:30h. Jazz fóra de lugar. *Galería Javier Teniente (Rúa de Abeleira Menéndez, 13)*

XOVES 3 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons. Taller "Ningún son é inocente" con Pablo Rega e Javier Carmona. *MARCO*

21:00 h. Hugo Carvalhais Nebulosa Trio. *Auditorio Municipal do Concello de Vigo*

23:00 h. Sumrrá + convidados. *Praza da Constitución*

VENRES 4 DE XULLO

13:00 h. Academia de Sons. *Os Superhércules.* Concerto didáctico. *Detrás do MARCO (Rúa Londres)*

21:00 h. Michael Wollny. *Auditorio Municipal do Concello de Vigo*

23:00 h. Alfredo Rodríguez. *Praza da Constitución*

SÁBADO 5 DE XULLO

13:00 h. Jazz fóra de lugar. *Detrás do MARCO (Rúa Londres)*

21:00 h. Lucía Martínez Berliner Projekt AzulCielo. *Auditorio Municipal do Concello de Vigo*

23:00 h. Riverside Quartet. *Praza da Constitución*

01.00 h. Jazz na noite. *Xancarajazz*

Imaxinasons
10



10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

Xoves 26 xuño 2014. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Marco Mezquida Trio



Durante tres anos consecutivos, 2011, 2012 e 2013, a Asociación de Músicos de Jazz Música Moderna de Cataluña, considerou o pianista Marco Mezquida (Menorca, 1987) "músico do ano". Hai preto de cinco anos que puxo en marcha o seu proxecto de trío xunto ao contrabaixista sueco Marko Lohikari e o batería arxentino Carlos Falanga.

Residentes en Barcelona, os tres músicos exploraron de maneira atractiva e persoal o formato de trío de piano a través de composicións propias e intensas versións do repertorio jazzístico. En 2009 gañaron o concurso de jazz de Palma e en 2013 presentaron o seu primeiro disco xuntos "My Friend Marko", con composicións de Mezquida e editado pola discográfica Fresh Sound New Talent. O disco, que recibiu o premio da crítica ao "disco de jazz do ano 2013" pola revista Enderrock, foi presentado en festivais e clubs españois. Recibido como un traballo fresco, o seu proxecto preséntase potente e emocionante, representativo dunha nova xeración jazzeira.

Marco Mezquida, piano
Marko Lohikari, contrabaixo
Carlos Falanga, batería

<http://marcomezquida.com/marco-mezquida-trio/>

Imaxinasons
10

10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

Venres 27 xuño 2014. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Gilad Hekselman Trio



Desde hai dez anos Gilad Hekselman (Israel, 1983) é un dos guitarristas destacados da escena musical neiorquina. Toca nos clubs máis importantes da cidade como Blue Note ou Smalls e participa en festivais de jazz como de Montreaux, onde en 2005 gaña a competición internacional de guitarra, ou de San Francisco. Colabora con músicos destacados da escena de Nova York, especialmente de maneira estable co batería Ari Hoenig, protagonista dun dos concertos destacados da pasada edición de *Imaxina Sons*.

Na súa viaxe polo jazz ten fieis compañeiros como o contrabaixista Joe Martin e o batería Marcus Gilmore. Ademais do talento excepcional do saxofonista Mark Turner, influído por John Coltrane e imprescindible sideman para moitos dos grandes nomes do jazz das últimas dúas décadas. A pasada primavera o guitarrista israelí editou o seu cuarto disco *This Just In* (JazzVillage, Harmonia Mundi) cos seus compañeiros Martin e Gilmore, e a colaboración en tres temas de Mark Turner. A Vigo chega en formato trío. Ao seu carón o contrabaixista Demian Cabaud (Arxentina, 1977), membro estable da Orquestra de Jazz de Matosinhos que compartiu escenario xa con grandísimos artistas de jazz como Lee Konitz, Joe Lovano, Mark Turner, Maria Schneider, Jason Palmer, Juan Cruz Urquiza, Jason Moran e Bernardo Sasseti, entre outros. O público de Imaxina Sons puido velo en acción na edición de 2012 na formación do batería Iago Fernández. Con Gilad Hekselman, ademais, en *Imaxina Sons* estará o batería orixinario de Hungría Ferenc Nemeth quen, como líder ou como colaborador, destaca pola súa aposta creativa e pola súa vertente didáctica. En 2011 lanzou unha aplicación para a Mac store denominada "Drum School".

Gilad Hekselman, guitarra
Demian Cabaud, contrabaixo
Ferenc Nemeth, batería

Imaxinasons
10

10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

Sábado 28 xuño 2014. Auditorio Municipal do Concello, 21:00h

Alberto Conde - Shakir Khan: Human Evolution Music Project
Presentación do disco




Con este sexteto, Alberto Conde (Caracas, Venezuela, 1960) crea un espazo de contacto entre tradicións musicais distintas, xuntando músicos de Galicia, de Portugal e da India. As composicións deste traballo constrúen unha narrativa da evolución da humanidade. O disco *Human Evolution Music Project* gravouse entre o 14 e o 17 de abril no Auditorio do Conservatorio de Música da Cidade Universitaria de Coimbra (Portugal), será editado pola lusa JACC Records e preséntase en primicia neste décimo Imaxina Sons. O sexteto, dirixido por Alberto Conde, inclúe ao saxofonista e Xosé Miguélez, o DJ BOULE, os músicos indios Shakir Khan, no sitar e compositor dalgúns dos temas xunto a Conde, e Vikas Tripathi na táboa, máis un convidado de Portugal, o violetista José Valente. O deseño gráfico do disco corre a cargo de Víctor González e a ilustración é obra de Ramón Trigo. Conde, que en 2013 presentou o seu disco de adaptacións ao jazz da música do compositor brasileiro Héctor Villa-Lobos, volta a mergullarse na fusión que caracteriza a súa traxectoria, na que tradición galega, música clásica e sons orientais déronse a man en máis dunha ocasión. Xunto a el, asinando as composicións deste novo proxecto, Shakir Khan, discípulo do mestre do sitar (e, tamén, o seu pai) Ustad Shahid Parvez Khan.

Alberto Conde, piano e composición
Shakir Khan, cítara
Vikas Tripathi, táboa
Xosé Miguélez, saxo, gaita de foles e frauta
José Valente, viola de arco
B.O.U.L.E, Dj / produtor

Luns 30 xuño 2014. MARCO, 20:30 h

Pierre Bastien



Pierre Bastien naceu en París en 1953. Nos anos setenta comezou a colaborar con Pascal Comelade na Bel Canto Orchestra e a compondor música para espectáculos de danza e cine. En 1980 comezou a idear a orquestra Mecanium á vez que realizaba a súa tese de doutoramento en torno á obra de Raymond Roussel. A súa orquestra de autómatas funcionou tanto como acompañamento musical nos seus concertos como en forma de instalación en proxectos expositivos.

Na escena musical internacional considérase a Pierre Bastien pioneiro dalgúns dos discursos sonoros actuais da música experimental ou a electrónica. As razóns son máis formais ca estéticas: aínda cando a música de Pierre Bastien soa a cabaré parisino, moi afastado dos sons electrónicos, os seus pequenos autómatas mecánicos que reproducen "loops" sonoros están na base de moitos recursos actuais da música electrónica, como o "sampling", a investigación de texturas sonoras ou a repetición rítmica. Pierre Bastien colaborou ao longo da súa carreira con numerosos músicos de distintas tendencias, como Robert Wyatt, Pascal Comelade, Jac Berrocal, Jaki Liebezzeit, Pierrick Sorin ou Issey Miyake, e editou en selos discográficos como Lowlands, Rephlex, Tigersushi ou Alga Marghen.

www.pierrebastien.com

Martes 1 xullo 2014. MARCO, 20:30 h

Xavi Lozano



Xavi Lozano é músico teatral. Comezou como un apaixonado das frutas até que comprobou que todo obxecto emitía algún son e desde aquel momento descubriu instrumentos musicais en todas partes. Lozano é un multiinstrumentista que participa en varias formacións como Bufo & Sons, a banda de Eliseo Parra ou Tactequé. Como músico experimental ten unha enorme destreza tirando sons e construíndo melodías con instrumentos insólitos polo seu uso cotián.

É un explorador e un inventor; de feito conduciu unha programa didáctico na televisión autonómica catalá chamado "L´atrapasons", no que ensinaba a tocar calquera obxecto ao que se lle puidera facer un burato. A descontextualización dos obxectos produce unha enorme atracción sobre as e os espectadores, que rematan interactuando co artista. Lozano desprega toda a súa curiosidade, inmensa, e transmite ao público esa necesidade de indagar . A quen non marabilla que un tubo de rego soe como un oboe ou que unha cadeira poida parecer nos unha fruta? Cando preguntaron a Xavi Lozano que sons foron os que máis o marcaron, el apuntou tres: o son dun lago xeado ao derreter, o asubío dun tren de vapor en Canadá e o son dos paxaros, "os grandes mestres, a mellor música que hai".

Xavi Lozano, multiinstrumentista
<http://xavibufa.com>

Mércores 2 xullo 2014. MARCO, 20:30 h

Bruitage



Bruitage nace en Barcelona a comezos de 2011 da man do saxofonista Tom Chant, o guitarrista Pablo Rega e o percusionista Javier Carmona. Participan en numerosos festivais da vangarda europea e realizan dúas gravacións para o selo Discordian Records. A súa música vai creando paisaxes, violentos e abruptos ou sutís e delicados; a súa escoita esixe atención, ningún son é inocente. Pero que significa Bruitage? Por un lado, é unha voz francesa que define os efectos de son utilizados no cine. Por outro, tamén significa xerar artificialmente sons para recrear unha realidade. O nome reflicte perfectamente a estética do grupo e a grande cantidade de recursos sonoros que despregan os seus membros, con importantes traxectorias na escena da improvisación europea. Pablo Rega (A Coruña, 1971) participou en proxectos teatrais como músico /compositor e intérprete en compañías como La Danaus (León), Chevere (Santiago de Compostela) Sociedad Dr. Alonso (Barcelona) e Los Corderos sc. (Barcelona). Centra a súa actividade na música improvisada e experimental, sendo membro do colectivo Música Libre de Madrid e da orquestra FOCO. Dirixe a orquestra de improvisación OMEGA, formada por vinte músicos galegos, con sede en Santiago de Compostela e a formación BIB (Banda de Improvisadores de Barcelona), con 14 músicos. Tom Chant é un saxofonista improvisador londinense que vive en Barcelona desde hai anos. Son notables os seus traballos en trío xunto a Eddie Prevost e John Edwards e coa Orquestra de Improvisación de Londres (LIO). Completa Bruitage o batería Javier Carmona, que tocou con músicos como Evan Parker, Carlos Zingaro e John Russell. Forma parte da Banda D´Improvisadores de Barcelona e organiza o FIL Málaga, festival de improvisación musical que tamén inclúe danza.

<http://bruitagetrio.wordpress.com>

Xoves 3 de xullo 2014. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Hugo Carvalhais Nebulosa Trio



Sen dúbida ningunha un dos novos talentos do jazz en Portugal e no conxunto de Europa, Hugo Carvalhais (Porto, 1978) achégase por vez primeira a Vigo en formato trío. O contrabaixista estudou na súa cidade natal Pintura, na facultade de Belas Artes, ao tempo que comezou a formarse de maneira autodidacta como músico. Participa en seminarios con artistas como Ron Carter, Eddie Gomez, Hein Van de Geyn, Mario Pavone, Carlos Bica e Miroslav Vitous. Esta considerado un contrabaixista "sui generis" e o máis talentoso da súa xeración.

En 2010 edita *Nebulosa* (Clean Feed Records), no que conta coa colaboración do saxofonista Tim Berne, e que chegaría a ser considerado un dos mellor álbums do ano pola revista Jazz.pt. O disco tamén foi escollido pola propia discográfica portuguesa como un dos máis representativos da súa andaina na celebración do seu décimo aniversario. En 2012 é o momento de *Particula*, disco que contou, ademais dos seus compañeiros habituais de trío, Gabriel Ponto e Mário Costa, con Dominique Pifarély e Emile Parisien. Foi considerado un dos mellores discos do ano polo xornal portugués *Público*, a revista española *Cuadernos de Jazz* e outras publicacións especializadas dos EUA.

Hugo Carvalhais, baixo

Liudas Mockmas, saxos

Mário Costa, batería

<http://hugocarvalhais.wordpress.com/>

Imaxinasons
10



10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

Xoves 3 xullo 2014. Praza da Constitución, 23:00 h

Sumrrá + convidados: DJ Mil, Alberto Cereijo, Iria Peña, Suelen Estar Quartet



Hai 14 anos e 4 discos que a banda Sumrrá nacía en Compostela. O ano 2014 marcará un cambio de ciclo para o grupo que, entre outras liñas de traballo, afronta a súa difusión internacional, con primeiros pasos en Sudáfrica, Bulgaria, Bolivia e París. Este cambio de ciclo sumado á décima edición de Imaxina Sons dá como resultado un proxecto especial creado para o festival, un agasallo para o público galego que apoia e enche os concertos de Sumrrá.

Aos membros de Sumrrá: o pianista Manuel Gutierrez, o contrabaixista Xacobe Martínez Antelo e o batería L.A.R Legido súmanselles para esta especial ocasión DJ Mil, o guitarrista dos Suaves Alberto Cereijo, a cantora flamenca Iria Peña e o cuarteto de corda vigués Suelen Estar Quartet.

www.xacobemartinezantelo.com/xma/Sumrra.html

Venres 4 xullo 2014. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Michael Wollny



De Michael Wollny (1978) din en All About Jazz que "combina o pracer da exploración cun traballo de altísimo nivel. E, como resultado, estase a converter nun dos máis prolíticos e impredecibles intérpretes da escena do jazz en Europa". A crítica considera o seu traballo sublime tanto como solista como en formato trío. Wollny representa desde hai uns anos ese algo novo que sempre ten o jazz, especialmente en Europa como territorio de creación. As súas influencias abranguen a Johann Sebastian Bach, Franz Schubert, o romanticismo alemán e o compositor francés Olivier Messiaen.

Del destacan os críticos que non coñece límites e que explora camiños diferentes aos de moitos compañeiros de xeración. Vinculado á discográfica alemá ACT, Wollny crea un universo sonoro persoal, singular, que se afasta e se achega ao jazz, que o moldea ao seu gusto, cunha técnica e delicadeza propia dos virtuosos da clásica. Todos coinciden en que, sen saber cal é rumbo que deparará o futuro de Michael Wollny, el xa é unha das principais figuras da renovación do jazz en Alemaña e Europa.

Michael Wollny, piano
<http://www.michael-wollny.de/>

Imaxinasons
10



10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

Venres 4 xullo 2014. Praza da Constitución, 23:00 h

Alfredo Rodríguez



Triunfa nos EUA, dirixe todos os proxectos recentes de Quincy Jones -quen o considera un xenio, o mellor pianista do mundo- e cun segundo disco editado, *The Invasion Parade* (Mack Avenue), no que conta con colaboracións como a de Esperanza Spalding. Alfredo Rodríguez (1985), de formación clásica, está no seu momento. A crítica di que o piano nas súas mans é un instrumento de percusión e destaca o seu estilo libre e pouco ortodoxo.

Na última edición do Festival de Jazz de Montreux compartiu escenario con Chick Corea e no Festival de Jazz de Barcelona 2013 estreou o seu *Concierto para Orquesta Sinfónica y Piano*. Inspirado no escritor e líder da independencia cubana José Martí, con *The Invasion Parade*, o pianista explora as súas raíces e lembranzas de Cuba.

www.alfredomusic.com

Imaxinasons
10



10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

Sábado 5 xullo 2014. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Lucía Martínez Berliner Projekt AzulCielo



Azulcielo é un proxecto que nace en 2009 en Berlín como resultado do traballo de mestrado que a batería Lucía Martínez (Vigo, presentou para a Universidade das Artes, guiado por músicos da talla de John Hollenbeck ou David Friedman, e que obtivo a distinción Summa Cum Laude. *Azulcielo* implica un repertorio completamente orixinal, no que se desenvolven composicións baseadas en moitos casos na tradición española musical e cultural, pero cunha visión contemporánea. *Azulcielo* é, como sinalaba a percussionista nunha entrevista, "a cor que lle falta a Berlín, porque do resto teno todo, é unha cidade moi viva e moi efervescente no cultural, pero está tinxida dese gris permanente. Como é un proxecto berlinés e os músicos tamén son de alí, decidín trasladar unha parte de min a esta cidade; o azul ceo de Vigo".

Esta ponte entre Alemaña e Galicia reúne unha instrumentación cun carácter entre popular e contemporáneo: acordeón, clarinete/saxo, piano, contrabaixo, batería/vibráfono. Lucía é unha das poucas mulleres, senón a única en España, que pode presumir de ter rematado os seus estudos clásicos en España, os seus estudos de jazz na Universidade Politécnica do Porto-Portugal e un mestrado en batería e composición na Universidade das Artes de Berlín. Ademais da súa profunda formación, o seu carácter emprendedor e de líder posiciónaa satisfactoriamente á fronte dos seus propios proxectos, tamén no ámbito internacional. Coa súa técnica e sutileza, esta multiinstrumentista pertence á nova xeración de músicos de jazz europeos. O seu estilo vese influído pola música folk de Galicia, a música clásica, o flamenco e a música do Mediterráneo, xunto coa música de vangarda europea.

Ludwig Hornung, piano
Hannes Daerr, clarinete, clarinete baixo e saxo tenor
Silke Lange, acordeón
Simon Quinn, contrabaixo
Lucía Martínez, batería, vibráfono, composición
<http://luciamartinezazulcielo.blogspot.com.es/>

Imaxinsons
10



10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

Sábado 5 xullo 2014. Praza da Constitución, 23:00 h

Riverside Quartet



É un pracer para *Imaxina Sons* contar con esta formación de luxo na décima edición; formación na que se integra o trompetista de Nova York Dave Douglas, tras o seu exitoso paso polo festival na edición de 2010. O Riverside Quartet pon un selo contemporáneo en formato cuarteto á música das emsembles lideradas polo clarinetista Jimmy Giuffre (1921-2008). Nacido en Dallas, Giuffre, tocou nos anos cincuenta e sesenta en varias "big bands" converténdose nun dos nomes imprescindibles da escena jazzeira da costa oeste dos EUA. Nos anos sesenta vincúlase ao *free jazz*, colaborando con músicos como Carla Bley e Steve Swallow, con quen *Imaxina Sons* ten a fortuna de contar neste concerto. Jimmy Giuffre vivirá uns anos en Francia e será considerado un dos promotores do jazz contemporáneo e das pontes entre os EUA e Europa.

Riverside Quartet reparte liderado entre o trompetista Douglas e o clarinete e saxo Chet Doxas, cunha sección rítmica formada polo referido Swallow no contrabaixo e Jim Doxas na batería. Tres xeracións de músicos sobre o escenario. Entre todos debuxan unha estética enraizada na música americana e no jazz na que hai cabida para a improvisación, o *bluegrass*, os himnos sacros e a música apalache.

Dave Douglas, trompeta

Chet Doxas, saxo

Steve Swallow, baixo

Jim Doxas, batería

<http://www.davedouglas.com>

<http://chetdoxas.com/>

Imaxinasons
10



10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

+ **Imaxina Sons 10:**
Academia de sons, Jazz Fóra de Lugar, Jazz na Noite, Vigo ten Swing



A décima edición de Imaxina Sons depara máis actividades alén do programa de concertos:

Academia de sons. Experimentar, aprender e divertirse durante as mañás da primeira semana de xullo. A Academia de Sons configura un espazo de obradoiros, encontros e concertos para diferentes públicos, cun especial fincapé no público infantil e familiar. No MARCO

Jazz fóra de lugar. Un circuíto de espazos ao aire libre que sacará a creatividade das formacións locais á rúa a plena luz do día.

Jazz na noite. A música nos clubs, en horario noctámbulo, xa é selo deste festival.

Vigo ten swing. Un proxecto expositivo que, a través de diversos formatos e material de investigación, revelará a intensa relación da cidade de Vigo co jazz desde os anos vinte do século pasado. Na planta baixa da Casa das Artes do 19 de xuño ao 27 de xullo de 2014.

CONCELLO
DE VIGO



Imaxinasons

10 J

10º Festival de Jazz de Vigo

26 de xuño — 05 de xullo 2014

venda de entradas
www.setinova.com
902 504 500

www.imaxinasons.com
www.vigocultura.org



Vivimos nunha cidade fermosa